

## FILOSOFÍA 1º BACHARELATO. 2ª AVALIACIÓN IES. POLITÉCNICO

Profesor: Diego Lubián Prieto:

# A ÉTICA

## **EXERCICIO 1.**

Empregando o Manual de referencia, Tema 8, desde o apartado 1.1 (p.182) ao apartado 1.5 (p. 186), responde ás seguintes preguntas. Se o prefires, podes manexar o resumo que fixen desa parte do tema e que atoparás despois das preguntas (engadinlle unhas minúsculas aclaracións entre corchetes. Pódense obviar sen o menor remordemento).

1. Sinala, se pode ser con máis dun termo, cal é a base ou a condición que permite ao ser humano ter un carácter moral.
  
2. Está claro que hai accións ou situacións humanas que non incumben á moral, non son nin boas nin malas, pero un ser humano, poder ser amoral? Se podes explícao nunha pequena frase.
  
3. En que sentido o carácter moral está arraigado na historia do humano como especie?
  
4. As normas eminentemente refirense a actos, pero non só, tamén costumes e tradicións, e polo tanto aos comportamentos que participan nelas: por un exemplo de costume ou tradición que te pareza rexeitable moralmente e outro dunha tradición que consideres que é edificante conservar para a sociedade.
  
5. A norma moral é de obrigatorio cumprimento, un deber. Pero que outros motivos existen para a acción humana que non sexan morais? Sinala algúns que se che ocorran.
  
6. Sinala en que consiste o “dobre carácter” das normas morais.
  
7. As normas morais expresan ou apelan ao que chamamos valores, que as sustentan, lles dan sentido, fan que non sexan simples enunciados que poderíamos desatender tranquilamente, digamos. Una das características dos

valores é a súa polaridade, cada valor ten o seu polo oposto (comezando polo bo fronte ao malo). Pois ben, menciona a súa segunda característica.

8. Hai unha teoría que considera aos valores obxectivos, pertencentes á propia cousa, e outra que os considera subxectivos. Le atentamente a explicación que se ofrece disto. Saberías contrapoñer unha norma moral amplamente aceptada nunha época ou grupo con outra distinta e incompatible?
9. O desenvolvemento moral, como trazo biolóxico da especie pero á vez como característica individual, con que outra facultade humana se podería comparar?
10. Menciona algunha das claves en que consiste a intelixencia emocional.

## RESUMO:

### 1.1. Carácter e conciencia moral (p. 182-183).

A diferenza da conduta animal, que aparece programada e determinada, o comportamento humano definese por ser aberto e libre. A **liberdade** é o que permite que teña lugar a **responsabilidade**, pola que cada quen se fai responsable dos seus actos e debe responder por eles. É polo tanto a base do carácter **moral** do ser humano. A liberdade, é dicir, a capacidade para **decidir** e elixir entre distintas opcións fai posible que as accións dunha persoa se poidan axustar ou non ás normas e costumes da súa comunidade. O suxeito pode decidir actuar de acordo coas normas vixentes ou saltalas, actuando entón de modo incorrecto e inmoral. O que ninguén pode facer é deixar de actuar no marco dese código normativo, ninguén pode ser amoral, posto que sempre hai comportamentos que dun modo ou outro merecen valoración moral.

Ese carácter moral do ser humano está arraigado na nosa historia como especie. A selección natural favoreceu o éxito dos individuos mais propensos á socialidade e cooperación cos outros. Así se orixinou un sentido moral, que recoñecía os comportamentos favorables á vida en comunidade [*Aclaración: en realidad formulalo así supón ver o asunto da moral desde una postura antropológica, neste caso optimista. O problema de velo así é que se lle pode contrapoñer unha pesimista que diría que a evolución nos fixo propensos ao egoísmo, e que a socialidade no fondo só é un medio para o beneficio individual.*].

Deste xeito fórmase o que denominamos **conciencia** moral. O ser humano é un **suxeito** dotado dunha conciencia que é capaz de valorar as normas e accións, xulgalas, e esta conciencia está en continuo desenvolvemento.

### 1.2. As normas morais (p.183).

As normas pódense referir a usos, costumes, tradicións, e sobre todo a comportamentos sociais [Aclaración: tamén á actitude ou personalidade global das persoas, pero isto xa é máis complicado: baste pensar no ben que trataba Hitler ao seu can]. Podemos definir a norma moral como un precepto de conduta que a conciencia moral considera obligatorio, ten o carácter de mandato, de **deber**. A de ser a propia norma a que nos leve ao seu cumprimento, non unha imposición exterior (a lei e o conseguinte castigo, por exemplo, ou unha ameaza).

As normas morais non pertencen ao ámbito do ser, do que efectivamente existe, dos feitos, senón do deber ser (do que idealmente debería ser). Por iso a ética non é descriptiva, senón normativa, prescribe pautas de acción. [Aclaración: poderíamos dicir que cando a norma moral se cumpre o ser e o deber ser coinciden, algo é como debe ser. Outra cousa é que podamos opinar que no mundo no que vivimos isto poucas veces suceda]

As normas morais teñen un **dobre carácter**: por un lado supoñen a liberdade do individuo, a capacidade de decidir se obedecelas ou transgredilas, e polo outro supoñen unha obrigatoriedade que o individuo non pode deixar de recoñecer na súa conciencia moral.

### 1.3. Os valores morais (p.184).

As normas morais apelan ou remiten a uns **valores**, dos que destacan dúas características:

-**Teñen polaridade**. A cada valor corresponde un oposto, un valor negativo ou disvalor. Así coma a bondade e a maldade, o xusto einxusto, a beleza e a fealdade.

-**Teñen carácter ideal**. Os valores son fins ou obxectivos das normas, ou sexa ideais por alcanzar. Pertencen ao ámbito do deber ser (o respecto á vida, que é un ideal que debería cumplirse sempre), e non do que de feito é (a violencia contra a vida, cando é o caso).

#### Existen os valores obxectivos?

Aínda que toda cultura ten un conxunto de normas e valores, estes varían dunha cultura a outra. Isto levou cuestionar a universalidade das normas e valores, e sostener que son subxectivos e particulares propios de cada época e cultura. Ante este dilema caben dúas posturas:

-**Teoría obxectivista dos valores**. Os valores son calidades ou **propiedades** que están nas **cousas**. Son obxectivos, pois non os inventa o ser humano senón

que este os descobre no que o rodea. Aínda que os valores non se poden identificar cos obxectos valiosos, si residen neles. A posibilidade de captar os valores depende da cultura, educación e capacidade do suxeito moral, polo que os valores poden descubrirse de diversas maneiras, pero a diversidade de valores é só aparente.

**-Teoría subxectivista dos valores.** Non existen cousas valiosas en si mesmas nin valores obxectivos nin universais. Que algo sexa considerado un valor depende da apreciación subxectiva de cada persoa ou grupo cultural. Os valores non son máis que nomes que lles damos ás cousas, calidades ou accións que consideramos desexables e preferibles a outras.

[Aclaración: *tal vez esta diferencia vélase mellor no caso dos valores de tipo estético. Para un obxectivista a escultura O David de Miguel Anxo ten unhas características (proporcións, perfección técnica, expresividade, as que sexan) que a fan fermosa que están na propia obra. A Humanidade podería extinguirse e seguiría sendo bela. Para un subxectivista non, simplemente causa certa impresión nuns individuos ou grupos, por características deles mesmos que se lles da por proxectar na obra, mentres que a outros doutra cultura e con outros gustos estéticos lles parece indiferente ou horrible*].

#### 1.4. O desenvolvemento moral (p.185).

O carácter moral é un trazo biolóxico da especie humana aínda que despois se desenvolve de maneira particular en cada individuo. Sucede o mesmo que coa linguaxe: nacemos coa capacidade de aprendelo, pero cada individuo debe adquirir a lingua concreta da súa comunidade. En ambos casos, o desenvolvemento das facultades só se pode facer en sociedade. A conciencia moral vaise formando co paso dos anos como resultado da interacción entre os valores sociais que se transmiten a través da educación e do entorno, e a maneira de ser e de pensar propia de cada individuo.

#### 1.5. A intelixencia emocional (p.186).

A expresión “intelixencia emocional” designa a capacidade do ser humano para entender, modificar e controlar os estados emocionais, tanto na propia persoa como na persoa allea. As claves desta conduta son autoconciencia, empatía, motivación, control dos sentimientos e habilidade social.

Pódese dicir que a intelixencia emocional é a base práctica para a ética. Permite dominar as emocións para poder resolver os conflitos e fomenta a comprensión dos comportamentos alleos.